PROPOSTAS sobre A MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL 2021

CES GALICIA (novembro 2021)

Propostas UGT Galicia

Contidos dos capítulos

O ano 2021, ao igual que o ano anterior, segue sendo excepcional debido ao impacto provocado polo Covid-19, polo que se debería de seguir analizando as variables utilizadas no ano 2020, especialmente afectadas pola pandemia e tratar de minimizar outras que este ano perden relevancia.

Entre as variables que cobran especial importancia destaca a demografía nas vertentes de nacementos, defuncións, esperanza de vida, a sanidade, o coidado dos maiores, o esforzo en investigación, as repercusións no emprego, desemprego e inactividade, os expedientes de regulación de emprego e os sectores produtivos.

Resumo

A experiencia do ano anterior con respecto ao resumo foi positiva polo que debe seguir neste ano, xa que o valor da memoria reside nos capítulos e nas consideracións, permitindo desta maneira dedicarlles máis tempo.

Consideracións

Seguir ca mesma metodoloxía cas consideracións que o ano anterior.

Ámbito temporal

Aínda que o ano central da memoria e o ano 2021, en función da variable analizada, segue sendo interesante a comparación co 2008 en determinados casos, pero sen ser necesarios todos os anos da serie. Se ofrece así unha necesaria visión a longo prazo,

aínda que nas variables relacionadas ca pandemia os datos mensuais ou trimestrais resultaron moi axeitados para mostrar a realidade.

Indicadores

Seguir avanzando, como así se fixo en anos anteriores, en dotar a Memoria de indicadores en variables clave, que nos permitan dispoñer dunha referencia ou obxectivo a acadar en Galicia, e nos mostren o enfoque das consideracións.